

#ilusión

#futuro

#cambio

Por un **Sober** vivo, coa forza da xente.



UN PROGRAMA PARA VIVIR CON DIGNIDADE EN SOBER

Os anos de crise económica e de recortes deixaron unha sociedade máis desigual e maiores dificultades para chegar a fin de mes, aínda agora, na “recuperación”. En Sober, tamén sufrimos a crise e as súas secuelas, e tamén continuamos coa perda de poboación – común ao interior galego – e a falta de oportunidades de emprego estable na zona.

O principal ingreso do noso Concello siguen a ser as pensións e non desenvolvemos todas as potencialidades dos nosos sectores produtivos.

As nosas grandes necesidades en materia social, sobre todo en atención de persoas dependentes, non se cubren: precisamos moitos máis servizos, incluíndo un servizo de atención diúrna, nun Concello con tan alta taxa de envellecemento.

Continúa o desleixo polo noso medio natural, con ríos sen vida e falta de prevención de incendios, así como a falta dunha ordenanza de benestar animal.

En canto á democracia, seguimos sen ordenanza de participación cidadá, e con trato desigual ás persoas e asociacións e parroquias do Concello.

Creemos que é posible crear empregos dignos en Sober e vivir ben nas nosas parroquias, se o Concello se converte nun axente do cambio social, poñendo todos os recursos ao servizo do benestar das persoas.

Sober temos 2.301 habitantes (2018), case un millar menos que hai 20 anos, o 44,3% con máis de 65 anos, 102 persoas en paro, 57 nenos e nenas matriculadas en 2018 na escola e só 635 persoas afiliadas á Seguridade Social, con 162 empresas, a maioría de menos de 2 persoas asalariadas. Podemos mudar as estatísticas: non estamos condenadas á desaparición, pero cómpre actuar contra o abandono do rural.

Por un Sober vivo, coa forza da xente!

POSIBILIDADES DE EMPREGO DIGNO EN SOBER

- 1 - Elaboración dun Plan de Desenvolvemento Rural, con asesoramento técnico, en colaboración coas Comunidades de Montes en Man Común, que inclúa a aposta polo sector da castaña, da gandeiría en extensivo e da recuperación dos agros de cereal, fomentando o agrupamento de propiedades agrarias.
- 2 - Colaboración dende o Concello para que as Comunidades de Montes en Man Común impulsen actividades produtivas a través da valorización do monte e proxectos alternativos de gandeiría, para crear empregos de calidade e estables.
- 3 - Talleres e asesoramento sobre formas de economía cooperativa e de autoemprego, colaborando dende o Concello con estudos de mercado e impulso de iniciativas de emprego estables.
4. Posta a disposición de locais e maquinaria para permitir o envasado e venta de produtos locais á veciñanza de Sober, fomentando o mercado de produtos de proximidade, tamén nas feiras mensuais.
- 5 - Fomento da iniciativa económica das mulleres, tendo en conta a realización de talleres e asesoramento sobre formas de economía cooperativa e de autoemprego, colaborando dende o Concello.
- 6 - Fomento e conservación dos oficios tradicionais (olería, cestería, produción de mel, etc), poñendo en marcha a adquisición de terreos para ter unha barreira para o olería tradicional no Concello.
- 7 - Polígono Agrario para o impulso da promoción agraria, fomentando as boas prácticas.
- 8 - Cursos formativos para a promoción da calidade no sector turístico, hostelería, comercio e artesanía.
- 9 - Consello Económico e Social onde participen os sectores máis activos e dinámicos.
- 10 – Estudo da viabilidade de usar biomasa local como enerxía en edificios públicos.

APOIO AO SECTOR DO VIÑO

11 - Promoción dun evento de mostra de viños a nivel profesional, enfocado a profesionais da hostelería e mundo do viño de nivel internacional.

12 - Completar os accesos a viñedos atendendo ao ben común e respectando as normas e paisaxe da ribeira.

13 - Promoción do uso de maquinaria conxunta entre adegas e viticultores/as.

14 – Incentivos para que nos postos de comidas e establecementos hosteleiros da Feira do Viño se sirva só viño etiquetado das adegas participantes.

15 - Viñedo experimental dos Chancís como banco de probas para experimentación con castes de uva e mellora da calidade do viño.

TURISMO PROFESIONALIZADO E RESPECTUOSO CO MEDIO E A CULTURA DA ZONA

16 – Reactivación da Comisión de Turismo para deseñar a estratexia turística local, de acordo cos axentes sociais, para os vindeiros catro anos, convocando unhas xornadas de formación e promoción turística.

17 – Promoción de estudos e charlas para un turismo de contidos, que teña en conta os valores propios e que dan un valor engadido a Sober como destino turístico, enmarcado no destino “Ribeira Sacra”: paisaxe, viticultura, adegas familiares, pintura mural nas igrexas, petróglifos, etc.

18 - Musealizar e facer visitable o chamado “museo etnográfico” de sober, conseguindo pezas representativas da cultura do viño para que exista unha pequena exposición permanente, con paneis explicativos, sobre a cultura ribeirá e o mundo da viticultura, a modo de “centro do viño” local. Recoller información oral sobre a viticultura tradicional para elaborar os contidos.

19 - Maior relación coa outra beira do Sil na promoción turística: o mundo ribeirao como unidade.

20 - Facilitar ás persoas visitantes un esquema de visitas que poden realizar para compoñer a(s) súa(s) xornada(s) de estancia en Sober, facilitando os contactos con todas as empresas turísticas e de hostalería e aloxamento de Sober.

21 - Embarcadiros para pequenas embarcacións na Xabrega e en Portabrosmos.

22 - Recuperación de camiños tradicionais e mantemento das rutas de sendeirismo; aproveitar o potencial de sendeirismo que ofrece Sober, explotando as posibilidades das TIC's. Potenciar rutas relacionadas co viño, a gastronomía a riqueza paisaxística.

23 - Fomentar a rehabilitación de casas/aldeas para o alugeiro vacacional.

24 - Puntos sinxelos de información turística en Canaval e Doade, como portas do Concello.

UN PATRIMONIO COMÚN PARA UNHA SOCIEDADE MELLOR E PARA FOMENTAR O TURISMO CULTURAL

25 - Campaña de excavación dun sitio arqueolóxico.

26- Recuperación dos muíños da Algueira a San Tomé.

27 - Recuperación do entorno da igrexa de Lobios.

28 – Recuperación do Priorato de Doade.

29 - Panel explicativo en todas as igrexas con interesantes elementos artísticos.

30 – Plan específico de divulgación e conservación do conxunto de petróglifos de Sober.

31 - Promover unha web con visitas virtuais a monumentos e sitios de Sober.

32 – Barreira tradicional para a olería de Gundivós.

33. Implicación da Deputación de Lugo con fondos para un plan de conservación e divulgación do Patrimonio inmaterial.

34 - Plan de conservación e promoción de esgrafiados.

35 - Promoción de materiais didácticos para incorporar a realidade cultural e patrimonial de Sober aos centros educativos da localidade, PAI e CEIP.

36 - Recuperación da microtoponimia.

37 - Fomento da investigación sobre a historia local.

38 - Partida específica de apoio ás actividades culturais realizadas polas parroquias e as asociacións.

39 - Revitalización das tradicións festivas tradicionais participativas.

BENESTAR SOCIAL

40 – Creación dunha nova praza de Educador/a Social e impulso de programas comunitarios específicos, incluíndo programas de educación familiar.

41 - Banco de Tempo e redes de solidariedade, especialmente para persoas maiores.

42 - Impulsar un Programa Municipal de Coidados, reforzando os lazos veciñais, para previr a soidade, o illamento e a exclusión, con actuacións específicas de apoio a situacións persoas de malestar, atendendo especificamente a realidade das persoas coidadoras.

43 - Desenvolver estudos sobre a situación social e definir plans integrais de inclusión social.

44 - Potenciación das actividades interxeneracionais e de recollida de memoria oral, con participación activa das persoas maiores.

45 - Pular por un Centro de Día público en Sober e máxima extensión do servizo de axuda no fogar.

46 – Aumento das prazas e servizos de conciliación 0-3 anos.

47 - Actividades comunitarias que integren ás persoas con necesidades especiais.

48 - Atención ao impacto na saúde física e psíquica das persoas coidadoras: realización de xornadas de formación e concienciación.

49 – Impulsar un Consello Municipal de Participación Infantil e a inclusión na rede Cidades Amigas da Infancia.

50 - Plan integral de infancia e adolescencia.

UN NOVO MODELO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL GALEGA, UNHA ADMINISTRACIÓN RESPONSÁBEL

51 - Definición das necesidades concretas de persoal e das funcións de cada posto de traballo.

52 - Pular por un novo modelo de administración local galega, que prescindida das deputacións e aposte pola mancomunización de servizos públicos e unha estrutura comarcal con competencias que hoxe asumen as Deputacións.

53 - Desenvolvemento da personalidade xurídica das parroquias.

54 – Defensa dun novo modelo de financiamento das entidades locais, que contemplan as variables de avellentamento e dispersión poboacional, feitos que encarecen a prestación de servizos en Galiza.

DEMOCRACIA, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN SOCIAL NA VIDA MUNICIPAL

55 - Consello Municipal con representación das parroquias a través da elección democrática de pedáneos/as.

56 - Elaboración participativa dos Orzamentos.

57 - Servizos de xestión directa.

58 - Racionalización das taxas e impostos; rebaixa do IBI.

59 - Celebración das Xuntas de Goberno abertas.

60 - Publicación das axendas das persoas electas.

61 - Redución das dietas de asistencia a xuntanzas e xustificación finalista de todas as dietas de desprazamento.

62 - Elaboración dunha revista municipal plural, con participación activa da veciñanza e espazo para todas as opcións políticas.

63 - Regulamento de participación cidadá, que fomente a participación veciñal nos plenos municipais.

64 - Información continua á veciñanza e ás parroquias sobre os asuntos que lles afecten, con debate, transparencia e trato en igualdade a todas as parroquias e xentes. Trasladaranse os proxectos de obras públicas á veciñanza interesada/afectada.

65 - Transparencia e equidade no acceso ao emprego público local.

66 - Transparencia e equidade nos concursos públicos e contratación de obras e servizos.

67 - Habilitación de salas para uso de todas as forzas políticas do municipio.

68 - Dación de contas ante a cidadanía e implementación de mecanismos para consultas populares.

69 - Promoción da radio municipal.

ASOCIACIONISMO

70 - Oficina de apoio ás asociacións do Concello, con impresora, e axuda para solicitude de subvencións e asesoramento para cuestións burocráticas.

71 - Habilitar unha partida específica de fondos para Asociacións municipais para que o Concello convoque subvencións locais en réxime de concorrencia competitiva.

RESPECTO POLO MEDIO AMBIENTE

72 - Concienciación sobre os beneficios das boas prácticas agrícolas e sobre os riscos do abuso dos produtos fitosanitarios.

73 - Mellora no tratamento dos envases de produtos fitosanitarios e plásticos agrícolas.

74 - Plan de redución, reutilización e reciclaxe de residuos.

75 - Colaboración comarcal para un modelo de xestión do lixo alternativo a SOGAMA.

76 - Coidado dos soutos: axudas para limpeza de soutos e cepado de castiñeiros.

77 - Brigada de limpeza de montes e coidado de árbores.

78 - Xornadas de limpeza dos ríos.

79 - Eliminación de vertedoiros incontrolados.

80 - Aumento da esixencia e mellora da vixiancia de perímetros de protección de plantacións arbóreas con respecto a elementos patrimoniais e estradas. Maior control e vixianza de plantacións arbóreas de especies foráneas; erradicación efectiva do eucalipto.

81 - Apoio ás enerxías alternativas.

82 - Axudas específicas para a apicultura.

83 - Inventario das árbores senlleiras do municipio.

84 - Reducción do uso de tóxicos e sobreempaqetado nos servizos municipais.

85 - Elaboración dun plan de transición do Concello cara unha economía post-petróleo.

SOBERANÍA ALIMENTARIA

86 - Banco municipal de sementes.

87 - Compromiso de compra de produtos alimenticios de proximidade e fomento dos mercados locais.

FEMINISMO E DEREITO AO PROPIO CORPO

88 - Creación da Concellalía de Igualdade.

89 - Creación do Consello Municipal das Mulleres

90 - Plan de prevención e actuación contra a violencia de xénero, coa posta en marcha da mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.

91 - Campañas de información sobre métodos anticonceptivos e sobre os dereitos sexuais e reprodutivos. Programas de educación afectivo sexual con atención ás persoas LGTBI.

92 - Elaboración dun novo Plan de Igualdade con participación das mulleres do Concello.

93 – Xornadas feministas divulgativas con comentario de libros, filmes, documentais e charlas.

94 – Recuperación da historia das mulleres de Sober: mulleres senlleiras e anónimas, saberes tradicionais, vida cotiá, memoria oral.

95 – Promoción de unidades didácticas de ensino feminista adaptadas ás etapas educativas do CEIP de Sober.

OCIO NA TERCEIRA IDADE

96 - Excursións culturais pola comarca de Lemos.

97 - Cambio na concepción das festa dos avós, facendo unha xornada na que participe xente de todas as idades onde a xente maior sexa a protagonista, con actividades de transmisión de memoria oral e mostra de oficios tradicionais, celebrándoa cada ano nunha parroquia distinta, mantendo o servizo de bus para poder achegarse á festa.

VIVENDA

98 - Fomento do alugueiro barato de casas baleiras e fincas de labor. Creación dun banco municipal de alugueiro.

99 - Estudar a posibilidade de usar parte do Cuartel da Guardia Civil como vivendas sociais.

100 – Promover a cultura da rehabilitación, con materiais e formas tradicionais.

CULTURA

101 - Dotación dun orzamento anual para libros da Biblioteca Pública.

102 - Campañas de animación e fomento da lectura.

103 – Potenciación da aula de teatro e cursos de teatro segundo demanda.

104 - Espazo dispoñíbel para a creación artística.

105 - Elaboración dun libro sobre Sober, noso, feito entre todas e todos de xeito participativo, que recolla a nosa historia, patrimonio e memoria oral.

106 - Comisión de investigación sobre o Pazo de Sober e acadar unha fórmula para o desfrute gratuito de parte das instalacións por parte da cidadanía.

DEPORTE

107 - Creación e mellora de instalacións deportivas (ximnasio, tenis, baloncesto...).

108 – Estudar as posibilidades de desfrutar de piscina todo o ano.

109 - Beneficio no uso da piscina para a xente de Sober, cunha tarifa de bono máis reducida para a xente empadroada en relación coa non empadroada en Sober.

110 - Ioga, taichi e deportes suaves para persoas maiores.

111 - Acondicionamento de zona fluvial de baño en Canaval.

112 - Fomento do uso da bicicleta.

113 - Maior apoio e colaboración aos clubs de fútbol e asociacións deportivas.

114 - Apoio á celebración de xogos populares nas festas parroquias e recuperación de xogos tradicionais.

115 - Apoio a deportistas con aptitudes.

116 - Recuperación de xogos tradicionais.

SAÚDE

117 - Concienciación sobre hábitos saudábeis, especialmente na alimentación.

118 - Programas de concienciación sobre os abusos dos produtos tóxicos no forgar e talleres de alternativas.

119 - Programas de educación sexual.

VIVIRMOS EN GALEGO

120 - Plan de normalización lingüística municipal, elaborado de xeito participativo coa veciñanza.

121 - Cursos de galego para quen desexe aprender a nosa lingua ou perfeccionar o seu uso, con programas específicos para persoas vidas de fóra a vivir a Sober que desexen aprender galego.

122 - Visibilización da lingua galega nas accións de difusión enfocadas ao turismo, como un valor propio nun mundo multicultural, plural e plurilingüe.

SOLIDARIEDADE

123 - Fomento de redes de solidariedade locais.

124 - Sensibilización sobre as inxustizas globais. Práctica do internacionalismo.

125 - Nas adquisicións de suministros municipais, priorizar os produtos de comercio xusto e producidos con fórmulas económicas non explotadoras das persoas e do medio.

MÚSICA

126 - Potenciación da Banda de Música como escola, con máis recursos e axudas para impulsar que actúe nas festas das parroquias de Sober.

127 - Apoio ao festival de bandas da Banda de Música de Sober coma un dos principais eventos anuais.

128 – Fomento da aprendizaxe da música por parte de todas as nenas e nenos de Sober.

129 – Axudas e fomento das actuacións de grupos locais e/ou con participación de persoas de Sober.

BENESTAR ANIMAL

130 – Elaboración dunha ordenanza municipal de benestar animal.

131 – Impulsar o refuxio comarcal de animais abandonados.

132 - Prohibición dos circos con animais no termo municipal.

ESTUDOS E APOIO Á MOCIDADE

133 - Ampliación das becas de transporte a estudantes de máster e mellora das cuantías en xeral.

134 - Habilitar unha nova sala específica para uso da mocidade, con acceso a internet, para poder realizar xuntanzas e iniciar proxectos.

TIC

135 – Promoción do software libre e estándares abertos nos sistemas informáticos municipais.

136 – Afondar nos programas de divulgación e coñecemento da informática e das redes sociais.

BOAS INFRAESTRUTURAS

137 - Plan de saneamento e abastecemento de auga en todos os núcleos.

138 - Prioridade na reclamación de arranxo das estradas que vertebran o Concello.

139 - Eliminación das barreiras arquitectónicas.

140 – Plan de recuperación e mantemento de pistas municipais.

AS PARROQUIAS

- Prioridade absoluta na extensión do saneamento.

- Completar as necesidades de traídas de auga e arranxo de pistas e camiños rurais.

- Dotación dos locais sociais con libros e material deportivo.

- Colaboración coas parroquias na análise de augas de fontes públicas e traídas veciñais.

- Apoio á valorización do monte e creación de emprego por parte das comunidades de montes.

- Diseñar plans de emerxencias en caso de incendios forestais.